

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE XULLO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 9 de xullo de dous mil vinte e catro ; as nove horas xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 2 de xullo de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Visto o escrito presentado por **dona Rocío Pérez Pérez** solicitando acometida de auga en rúa Ribeiro 45 2º F , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 27-5--2024 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **don Gumersindo Soto Martinez** solicitando acometida de auga en rúa Progreso 65 2ºB , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 19-2--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **dona Maria Soledad Raña Diz** solicitando acometida de auga en rúa Progreso 55 2ª, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso INDUSTRIAL, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-6-2024 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don José Antonio Martínez Fernández solicitando acometida de auga en Praza García Boente 6 1º dereita, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 2-5-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por dona Rebeca Fernández Vázquez solicitando acometida de auga en Salgado Moscoso 29, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 2-5--2024 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don Javier Travieso González solicitando acometida de auga en Muñoz Calero 29- 2º esquerda, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 9-4--2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

#### 4.- Escritos oficiais.

#### 5.- CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

#### **ACORDO DE ADHESIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2024.-**

Unha vez vistas a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 21.06.2024, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico vixente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

1º) Aprobar a adhesión do Concello de Ribadavia ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, con aceptación expresa do contido íntegro das ditas bases sen salvidade ou reserva ningunha.

2º) Solicitar a inclusión no Programa de investimentos do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense (Ampliación do Plan) para o exercicio 2024, cunha achega provincial polo importe total de 44.585,53 € e unha achega municipal (exclusivamente para o cofinanciamento das actuacións incluídas no programa con achega provincial) polo importe total de 0 €, dos seguintes investimentos:

**Denominación da actuación:** Adquisición de vehículo para servizos municipais.

**Orzamento:** 44.585,53 euros.

3º) Asumir o compromiso firme de incluír nos orzamentos do concello, respecto das actuacións incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación provincial de Ourense para o exercicio 2024 con achega provincial, crédito dabondo para o financiamento da achega municipal comprometida.

#### **Aprobación do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen o procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, das concesións administrativas de uso privativo dos postos vacantes da Praza de Abastos Municipal.**

Examinada a documentación obrante no expediente, en exercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de data 26 de xuño de 2023,, a xunta de goberno acorda:

-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, para a adxudicación da concesión administrativa de uso privativo dos seguintes postos da Praza de Abastos de Ribadavia, bens de dominio público:

Planta baixa

Números 7,8,11,15,16,18.

Planta semisótano

4,9,10,14,15,20

**-Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.**

**-Publicar no Boletín Oficial da Provincia anuncio de licitación para que no prazo de quince días hábiles a contar do seguinte ao de publicación de anuncio no BOP os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.**

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADOR DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA**

**Considerando que é de interese público que os postos da Praza de Abastos estén en funcionamento para a mellor prestación do servizo aos veciños e veciñas, e, en canto que as concesións xeran ingresos públicos.**

**Considerando que a explotación dos postos da Praza de Abastos require unha concesión administrativa consonte ao previsto nos artigos 84.1 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas e 78.1.a) do Regulamento de bens das entidades locais.**

**Considerando que consonte dispón o artigo 93.1 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas “ o outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia competitiva”**

**CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do Contrato**

O contrato ten por obxecto outorgar o uso privativo de *postos da PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE RIBADAVIA* cualificados como ben de dominio público, mediante a modalidade de concesión administrativa, de conformidade cos establecido no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Os postos ofertados son:

Planta baixa

Números 7,8,11,15,16,18.

Planta semisótano

4,9,10,14,15,20

## **CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adjudicación**

A forma de adjudicación da concesión será o procedemento aberto, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios vinculados ao obxecto do contrato, coa cláusula décimo quinta deste Prego.

## **CLÁUSULA TERCEIRA. PUBLICIDADE**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, o anuncio de licitación publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e os presentes pregos expóranse na páxina web do concello de Ribadavia.

## **CLÁUSULA CUARTA. Canon**

As taxas a abonar serán as indicadas no artigo 2 da Ordenanza reguladora da Taxa denominada Mercados, Ordenanza Fiscal nº 10:

Planta semisótano ,  
Posto 4:60,10 euros.

Posto 9: 32,15 euros/mes.

Postos 10,14, 15,20 : 48,08 euros / mes.

Planta baixa

Postos 7,8,11,15,16,18: 48,08 euros/mes.

#### **CLÁUSULA QUINTA. Órgano de Contratación**

Á vista do importe o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público, será o Alcalde, delegado en Xunta de Goberno Local por decreto de alcaldía de data 26 de xuño de 2023..

#### **CLÁUSULA SEXTA. Duración**

O prazo de utilización do ben de dominio público será de máximo de 20 anos, en base ao previsto no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos, publicada no Boletín Oficial da Provincia de 25 de xaneiro de 1993.

#### **CLÁUSULA SÉTIMA. Obras ou Instalacións a Realizar polo Concesionario**

Sen permiso municipal non se poderán realizar obras nin instalacións de ningunha clase nos postos de venda do mercado.

#### **CLÁUSULA OITAVA. Deberes e Facultades do Concesionario**

— Dereito a usar de forma privativa, limitativa e excluínte a porción do dominio público obxecto da concesión. O comercio exercerase polo titular da concesión, ou polos ascendentes ou descendentes do titular en primeiro grado, o seu cónxuxe ou persoa vinculada por análoga relación de convivencia afectiva ou persoal contratado laboral que deberá estar dado de alta na Seguridade Social

— Obter as previas licenzas e autorizacións pertinentes para o exercicio da actividade.

— Xestionar e explotar a actividade.

— Obrigación de pagar o canon establecido no presente Prego. Leste comportará o deber do concesionario de abonar o importe dos danos e prexuízos que se causaren aos bens ou ao uso xeral ou servizo ao que estiveren destinados.

— Obrigación de manter en bo estado a porción do dominio público utilizado e as obras que construír.

— Obrigación de abandonar e deixar libres a disposición da Entidade Local, dentro do prazo fixado, os bens obxecto da utilización, recoñecendo a potestade daquela para acordar e executar por si o lanzamento.

-Estar dados de alta na Licencia Fiscal correspondente ó seu posto de venda.

-Estar en posesión do título acreditativo da autorización.

-Usa-los postos de venda e cámaras unicamente para a venda e depósito de mercadorías e obxectos propios do seu negocio.

-Conservar o bo estado dos postos, obras e instalacións.

-Exercer a venda ininterrompidamente , durante as horas sinaladas, coa debida perfección e esmero.

-Observar a máxima pulcritude no aseo persoal

-Estar en posesión da tarxeta de manipulación de alimentos , cando a actividade a desenrolar así o requiera.

-Coidar que os respectivos postos estén limpios e manter os postos nas debidas condicións de ornamento, hixiene e pulcritude.

-Contribuir a limpeza , conservación e vixilancia do mercado.

- Satisfacción do prezo público e demais exaccións que correspondan.

-Estar adheridos á póliza de seguros que se teña subscrito con carácter xeral para todo o Mercado, coas modificacións que a súa actividade poidera ocasionar na mesma.

-Abonar os danos que o propio titular ou os seus empregados causasen nas instalacións do mercado.

-Xustificar o aboamento dos impostos e exaccións municipais.

#### **CLÁUSULA NOVENA. Facultades da Corporación**

— Deixar sen efecto a concesión antes do vencemento si xustificáreno circunstancias sobrevindas de interese público, mediante resarcimiento dos danos que causaren, ou sen el cando non proceda.

— Inspeccionar en calquera momento os bens obxecto de concesión, as instalacións e construcións.

#### **CLÁUSULA DÉCIMA. Reversión**

Ao termo do prazo da concesión, reverterán á Corporación os bens obxecto

da concesión, debendo o contratista entregalos con arranxo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento axeitados.

Durante un período de tempo anterior á reversión, que será de un mes, o órgano competente da Administración adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens verifíquese nas condicións convidadas.

#### **CLÁUSULA UNDÉCIMA. Extinción da Concesión**

A concesión outorgada extínguese, consonte ao previsto no artigo 12 da Ordenanza reguladora por:

- a) Renuncia expresa do titular.
- b) Declaración de quebra ou concurso de acreedores do titular, acreditada por resolución firme.
- c) Causas sobrevidas de intere público, aínda antes do remate do prazo acordado.
- d) Morte do titular.
- e) Disolución ou extinción da sociedade titular.
- f) Subarrendamento ou cesión do posto a un terceiro.
- g) Perda dalgunha das condicións esixidas para optar á autorización segundo o establecido no artigo 10 da ordenanza.
- h) Non ocuparse ou permanecer pechado o posto durante máis de trinta días consecutivos ou de sesenta ao longo dun ano, salvo causa xustificada e acreditata a criterio da xunta de goberno local.
- i) Grave incorrección comercial.
- j) Grave incumprimento das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza ou hixiene dos postos.
- k) Falta de pago do prezo público.
- l) Xubilación do titular.
- m) Cando, con posterioridade o outorgamento da concesión , o titular incurra en algunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, consonte ao previsto no artigo 94 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas.

#### **CLÁUSULA DUODÉCIMA. Acreditación da Aptitude para Contratar**



Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións de contratar.

### **CLÁUSULA DÉCIMOTERCERA. Presentación de Proposicións**

As ofertas presentaranse no rexistro do concello de Ribadavia , en horario de atención ao público, dentro do prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ( éste incluído) a publicación do anuncio do contrato no *Boletín Oficial da Provincia*

Cando as proposicións envíense por correo, o empresario deberá xustificar a data e hora da presentación do envío e anunciar ao órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. A acreditación da recepción do referido fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición si é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outro si fíxoo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados.

A denominación dos sobres é a seguinte:

**– Sobre «A»: " DOCUMENTOS XERAIS PARA PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS DE RIBADAVIA".**

**--Sobre B:" PROPOSTA PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS DE RIBADAVIA"**

**O SOBRE «A» CONTERÁ NECESARIAMENTE A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

**-Documentos que acrediten a capacidade de obrar.**

**As persoas físicas acreditarán a súa capacidade de obrar mediante copia autenticada ante notario ou compulsada polo secretario do concello do DNI.**

**As persoas xurídicas deberán presentar copia compulsada da escritura de constitución da sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando sexa necesario según a lexislación vixente. Poder bastantado para actuar ante o concello, o bastantado efectuarase por notario, secretario do concello ou funcionario habilitado a tal fin. Asemade acompañaras fotocopia compulsada do DNI do apoderado ou apoderados.**

- Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

**O SOBRE B CONTERA CANTA DOCUMENTACIÓN ESTIMEN PERTINENTE OS LICITADORES EN RELACIÓN AOS CRITERIOS A VALORAR QUE SON:**

- PERSOAL QUE SE VAI A EMPREGAR.
- DOTACIÓN DE MOBILIARIO E MATERIAIS AO POSTO.
  
- MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER:
- COMPROMISO DE PRAZO DE POSTA EN FUNCIONAMENTO:

**CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Garantía Provisional**

Non se esixe.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Criterios de Adjudicación**

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adjudicación:

- PERSOAL QUE SE VAI A EMPREGAR, 1 PUNTO POR CADA TRABALLADOR/A.
- DOTACIÓN DE MOBILIARIO E MATERIAIS AO POSTO.

Que supoñan unha inversión superior a 6.000 euros:0,80 puntos.

Que supoñan unha inversión superior a 3000 euros:0,40 puntos

- MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER:

Excelente: 0,75 puntos.

Acaído: 0,50 puntos.

Aceptable: 0,25 puntos.

Inaceptable:0 puntos.

-COMPROMISO DE PRAZO DE POSTA EN FUNCIONAMENTO:

No prazo de 20 días dende a data de entrega do local : 0,30 puntos.

No prazo de 40 días dende a data de entrega do local: 0,15puntos.

No prazo de 60 dias dende a data de entrega do local: 0,05 puntos.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Mesa de Contratación**

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- D César Fernández Gil, alcalde , que actuará como Presidente da Mesa
- Francisco Fernández Castro, Vocal (Secretario da Corporación).
- D Vicente Soto Rodríguez, Vocal (Interventor da Corporación).
- D<sup>a</sup> Sonia Couso Fernández, vocal ( Tesoreiro da Corporación).
- D<sup>a</sup> Mariluz Expósito Pérez, vocal ( concelleira).
  
- D Luis Pérez Díaz , que actuará como Secretario da Mesa.

#### **CLÁUSULA DECIMOSÉPTIMA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación,ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.

- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Apertura de Proposicións**

A Mesa de Contratación constituirase o quinto día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás doce horas, procederá á apertura dos Sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Si fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

Posteriormente, procederá á apertura e exame dos sobres «B»

Tras a lectura de devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

#### **CLÁUSULA DECIMONOVENA. Requirimento de Documentación**

A Mesa de Contratación propondrá ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social .

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Garantía Definitiva**

Non se esixe.

#### **CLÁUSULA VIXESIMO PRIMEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando esixa algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores .

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- A) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- B) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- C) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatario determinantes de que sexa seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presenten os restantes licitadores cuxas ofertas sexan admitidas.
- D) Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

#### **CLÁUSULA VIXESIMO SEGUNDA . FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN**

A formalización da concesión en documento administrativo efectuarase dentro do quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

### **CLÁUSULA VIXESIMOTERCEIRA. ENTREGA DOS LOCAIS**

No prazo máximo de quince días dende a formalización da concesión procederase por parte do concello a poñer a disposición os postos, suscribíndose acta ao efecto asinada polo Alcalde, o concesionario e un técnico municipal.

### **CLÁUSULA VIXESIMO CUARTA. Réxime Xurídico do Contrato**

O presente contrato ten carácter administrativo especial e rexeráse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, serán de aplicación o Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, e o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Rexen, asemade, a Ordenanza Fiscal nº10 Reguladora da Taxa denominada Mercados e , en canto, non teña sido derogada de forma expresa ou tácita a Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos de Ribadavia publicada no Boletín Oficial da Provincia de 25 de xaneiro de 1993.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as nove horas e vinte e sete minutos e non habendo máis asuntos que tratar a presidencia levanta a sesión.